Menos festa e máis pregarias por Gondomar

Escrito por Alejandro Martínez - A Voz de Galicia
Venres, 11 Xullo 2008 03:01



As festas patronais de Gondomar serán este ano máis espirituais que nunca. A razón é que este ano non se formou ningunha comisión de festas e, polo tanto, non haberá verbenas nin orquestras. Así os veciños poderán centrarse mellor nos actos relixiosos e pedir con máis forza a San Benito que obre o milagre e outorgue ao goberno municipal esa estabilidade que tanto necesita para levar a cabo os seus proxectos de futuro. E se non mañá sábado a San António, en cuxa onomástica naceu precisamente o actual alcalde de Gondomar, Antonio Araúxo.

Cumprindo a tradición de San Cristóbal (o patrón de todos os transportistas) o párroco da vila condal bendixo onte decenas de vehículos que desfilaron engalanados no cruzamento cara á Ramallosa.

Continúa na Voz de Galicia